

## ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR E BAREMACIÓN PARA A SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO DUNHA PRAZA DE MONITOR/A DEPORTIVO/A DO CONCELLO DE MEIS CON CARÁCTER TEMPORAL POR VACANTE E FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO

No Salón de Plenos do Concello de Meis, sendo as 09:00 horas do día 21 de abril de 2026, reúnenos os membros do tribunal cualificador do proceso de selección, mediante concurso, para unha praza de monitor/a deportivo/a, creándose unha bolsa de emprego da que formarán parte aqueles/as aspirantes que fosen seleccionados/as, con carácter temporal por vacante, en aplicación das bases reitoras da convocatoria, aprobadas mediante Resolución da Alcaldía número 2026-0175, de data 24 de marzo de 2026, cuxa convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 61, do 31 de marzo de 2026.

Estando presentes:

- Presidenta: Dna. María Gómez García, Secretaria-Interventora do Concello de Meis ou persoa que legalmente a substitúa.
- Secretario (con voz e sen voto): D. Roberto Carrodegua Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.
- Vogal: Dna. María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis ou persoa que legalmente a substitúa.
- Vogal: D. José Manuel Blanco Sanmartín, funcionario administrativo C1 do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.

Non asiste á sesión, por causa xustificada, D. Daniel Rubio Pérez, Arquitecto do Concello de Meis.

O Tribunal declárase debidamente constituído. De seguido toma razón da relación definitiva de aspirantes admitidos no proceso selectivo:

	APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN CELGA
1	TABOADA GARCIA JAVIER	***0821**	CELGA 4
2	COSTA MACIAS IÑIGO	***2468**	CELGA 4
3	DOVAL BLANCO JUAN MIGUEL	***6461**	CELGA 4
4	MORAL CASTRO MARINA	***0065**	CELGA 4
5	MONTECELO MAHIA CRISTIAN	***8631**	CELGA 4

De conformidade coas bases reguladoras da convocatoria da citada praza, á vista dos documentos presentados acreditativos dos méritos, o Tribunal procede a baremar os mesmos obténdose o seguinte resultado:





APELIDOS E NOME	DNI	(1)	(2)	(3)	TOTAL PUNTOS CONCURSO
TABOADA GARCIA JAVIER	***0821**	58,50	10,00	10,00	78,50
COSTA MACIAS IÑIGO	***2468**	79,00	10,00	9,00	98,00
DOVAL BLANCO JUAN MIGUEL	***6461**	43,50	10,00	10,00	63,50
MORAL CASTRO MARINA	***0065**	7,00	10,00	5,60	22,60
MONTECELO MAHIA CRISTIAN	***8631**	1,00	10,00	0,20	11,20

(1) EXPERIENCIA PROFESIONAL

(2) TITULACIÓN SUPERIOR

(3) CURSOS DE FORMACIÓN OU PERFECCIONAMENTO

As puntuacións obtidas polos aspirantes na fase de concurso publícanse no taboleiro de anuncios da sede electrónica <https://meis.sedelectronica.gal>.

**Contra esta listaxe, as persoas interesadas poderán formular alegacións ante o tribunal cualificador no prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.** Transcorrido o período de alegacións o tribunal elaborará as listaxes cos resultados definitivos do proceso e fará unha listaxe das persoas aprobadas, ordenada de maior a menor puntuación, que será aprobada pola Alcaldía e que servirán para efectuar os chamamentos ou contratacións temporais necesarias.

Unha vez finalizado o proceso selectivo, o Tribunal publicará no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello (<https://meis.sedelectronica.gal>) e na páxina web oficial a relación de persoas aspirantes que o superaron por orde de puntuacións conseguidas, que constituirán a bolsa de traballo, e propondrá á Alcaldía a contratación como persoal laboral temporal mediante contrato de substitución para a praza convocada do aspirante que obtivese a maior puntuación.

Nos casos nos que nesta acta utilízanse substantivos de xénero gramatical masculino para referirse a persoas, cargos ou postos de traballo, debe entenderse que se fai por mera economía na expresión, e que se utilizan de forma xenérica con independencia do sexo das persoas aludidas ou dos titulares dos devanditos cargos, con estrita igualdade en canto a efectos xurídicos.

Sendo as 09:30 horas, non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. Presidenta da por rematada a sesión. E para que así conste e aos efectos oportunos, como Secretario do Tribunal, estendo a presente acta, asinándoa dixitalmente todos os presentes en proba de conformidade.

